

## PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO DE CARBALLO

Por resolución do Concello de Carballo, en data 15-01-2025, ditou a resolución con número 87/2025 que deseguido se transcribe:

### RESOLUCIÓN

#### APROBACIÓN DA LISTAXE DE AGARDA DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL A TEMPO PARCIAL PARA A COBERTURA TEMPORAL DE PRAZAS DE PROFESOR/A CMUS PERCUSIÓN.

#### ANTECEDENTES

**Primeiro.-** Por Resolución da Alcaldía núm. 3761/2024, do 20/12/2024, aprobáronse as Bases reguladoras da convocatoria pública e do proceso selectivo para a elaboración dunha listaxe de agarda de persoal laboral temporal a tempo parcial para a cobertura temporal de prazas de Profesor/a CMUS Percusión.

Publicouse anuncio da convocatoria no BOP de A Coruña núm. 246 do 23/12/2024.

**Segundo.-** Finalizado o proceso selectivo, en sesión celebrada o 09/01/2025, o órgano selectivo na súa acta final propón ás seguintes persoas aspirantes para a conformación da **listaxe de agarda** de persoal laboral temporal a tempo parcial para a cobertura temporal de prazas de **Profesor/a CMUS** na especialidade de **Percusión**:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	CONCURSO - OPOSICIÓN		
				C	O	TOTAL
1	DEL VALLE PRIETO	PABLO	***54**9A	5,23	50	55,23
2	MARTÍN SÁNCHEZ	MARÍA	***23**0T	0,91	50	50,91

Á vista do anterior, de acordo coas atribucións que confire á Alcaldía o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local,

#### RESOLVO:

**Primeiro.-** Aprobar a creación dunha **listaxe de agarda** para a cobertura temporal de prazas de **Profesor/a CMUS Percusión** (Grupo II), como **persoal laboral temporal a tempo parcial**, nos supostos regulados no artigo 15 do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, segundo a proposta elevada polo Tribunal Selectivo a esta Alcaldía, incluída na acta final e de conformidade ao indicado na Base Décimoterceira da convocatoria.

**Listaxe de agarda de persoal laboral temporal a tempo parcial para a cobertura temporal de prazas de Profesor/a CMUS Percusión (Grupo II) do Concello de Carballo:**

Nº	APELIDOS	NOME	DNI
1	DEL VALLE PRIETO	PABLO	***54**9A
2	MARTÍN SÁNCHEZ	MARÍA	***23**0T

**Segundo.-** Esta listaxe de agarda de persoal laboral temporal a tempo parcial terá unha vixencia de **tres (3) anos**, a computar dende o día seguinte a súa aprobación definitiva, sen prexuízo de que se poidan realizar novas convocatorias antes da finalización da vixencia desta por necesidade de persoal, que poñan fin a vixencia da mesma.

Así mesmo, a vixencia da listaxe poderá ser prorrogada por acordo da Alcaldía.

**Terceiro.-** A xestión desta listaxe de agarda de persoal laboral temporal será segundo ao indicado na Instrución vixente, no momento do chamamento da persoa aspirante, sobre o procedemento de creación e xestión de listas de agarda para o nomeamento de persoal funcionario interino e persoal laboral temporal do Concello de Carballo.

**Cuarto.-** Publíquese a presente Resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello e, de forma supletoria, na páxina web municipal, aos efectos de notificación e presentación de alegacións ou recursos.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer **recurso contencioso-administrativo** ante o Xulgado Contencioso Administrativo de A Coruña, no prazo de dous meses (contados desde o día seguinte ao da publicación da listaxe no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo).

Con carácter potestativo e previo, poderá interpoñer **recurso de reposición** ante o Alcalde do Concello de Carballo, no prazo dun mes (contado desde o día seguinte ao da publicación da listaxe no taboleiro de anuncios do concello de Carballo). Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou produza efectos a desestimación por silencio administrativo do recurso de reposición.

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Primeira Teniente de Alcalde

Secretaria

Maria Belén Lendoiro Esmorís

Marina Núñez Orjales

-----  
Esta publicación serve como notificación aos posibles interesados, en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e de conformidade co establecido no artigo 194 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Secretario

Marina Núñez Orjales